



BOP

VENRES, 8 DE MARZO DE 2024

N.º 057

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE MEDIO RURAL E DO MAR

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2024, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIACOMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, NA ANUALIDADE 2024

BDNS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, no enderezo electrónico: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) da provincia de Lugo, para apoiar a organización de visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas.

Segundo.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

Atendendo á finalidade da concesión das subvencións, será requisito para obter a condición de beneficiarias das subvencións que as ANPAS pertencan a centros educativos de municipios rurais, considerándose como tales os municipios de ata 20.000 habitantes. Porén, no suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito existente para a execución do Programa, poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as ANPAS que pertencan a centros educativos de municipios cuxa poboación supere os 20.000 habitantes.

As ANPAS terán a condición de beneficiarias das subvencións, debendo nomear, en todo caso, un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación das actividades obxecto da subvención.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 8.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros escolares de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2024; enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actividades, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2024, é de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 900 € por visita ou obradoiro.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o seu 5% deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2024, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo para a presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Este Acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita Xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente.

Lugo, 1 de marzo de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto do 06/07/2023, o deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Daniel García Fernández.

R. 0619

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 23.02.204, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de decembro de 2023 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.921,43 € programa básico de axuda no fogar por un importe de 95€.

Por medio do presente exponeo público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 28 de febreiro de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 0620

CASTROVERDE

Anuncio

CONCELLO DE CASTROVERDE

En cumprimento do disposto nos artigos 102.3 e 24 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e do Réxime Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, respectivamente faise público que o Alcalde, en data 27 de Febreiro de 2024, ditou resolución pola que se aproba o padrón anual do exercicio de 2024 das taxas sobre a entrada de vehículos a través das aceiras.

O padrón comprende 5 recibos por un importe total de 66 euros.

O citado padrón encóntrase exposto ao público polo prazo de 15 días hábiles nas dependencias do Concello. Durante o prazo de exposición ao público, os lexítimos interesados poderán examinalo e formular as reclamacións oportunas. A partir do día seguinte en que termina a exposición ao público, producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos e durante o prazo dun mes poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o Sr. Alcalde.

De acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, as liquidacións (recibos) dos padróns tributarios notificaranse colectivamente mediante a publicación da presente resolución no “Boletín Oficial” da Provincia de Lugo.

O período de ingreso en período voluntario será o comprendido entre o 1 de marzo e o 2 de maio de 2024, ambos inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o que determinará a exixencia dos intereses de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das cotas do procedemento de apremio.

Castroverde, 27 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0621

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 28 de xaneiro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do prezo público polas escolas deportivas correspondente ao mes de xaneiro de 2024, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 29 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0622

O CORGO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía aprobáronse as bases que de seguido se transcriben:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDemento DE SELECCIÓN DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A A XORNADA COMPLETA (1 ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRICOLA / FORESTAL NIVEL 2 MECES) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA TEMPORAL DE REFORZO DO EMPREGO NO CONCELLO DO CORGO, FINANCIADO POLO PLAN ÚNICO PROVINCIAL 2023.

PRIMEIRA. NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, NA Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a garantía da estabilidade no emprego e na transformación do mercado de traballo, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA. OBXECTO

Será obxecto deste convocatoria a selección dun funcionario/ainterino/a, a xornada completa, cunha duración máxima ata o 31 de outubro de 2024, para o desenvolvemento do programa temporal: **PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023**” do plan único de cooperación da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023, para a execución de tarefas relacionadas co posto de traballo.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

- **1 ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA / FORESTAL NIVEL 2 MECES**

A estrutura salarial do posto é a seguinte:

Sueldo: o correspondente ao Grupo A2

Complemento de destino: ó correspondente a o nivel 16.

Complemento Específico: 252 €/mes

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper o programa de reforzo de emprego do plan único de cooperación para o 2023, aqueles candidatos/as que obteñan a puntuación mínima esixida na base 5ª, pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para ser nomeados funcionarios interinos formarán parte dunha bolsa de emprego válida ata o 31 de outubro de 2024.

No suposto de que o candidato seleccionado renuncie antes da toma de posesión ou unha vez nomeado, dimita o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para nomealo funcionario interino nos termos anteriormente expresados

TERCEIRA.- FUNCIONS DAS PERSOAS A CONTRATAR

3.1.-ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA / FORESTAL NIVEL 2 MECES

Este persoal prestará apoio ó concello en apoio en labores propias das súa profesión tales como expedientes de xestión de biomasa, elaboración de informes e memorias técnicas reportaxes fotograficas e visitas de inspección, elaboración de planos e croquis, e traballos a Gis.

CUARTA.- REQUISITOS:

a) Comúns a todos os/as aspirantes

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade aos cónxuxes dos españois ou dos nacionais de estados membros da UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEP.

b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos.

c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B

d) Estar desempleado ou estar en situación de mellora de emprego

e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4 (ou o curso de perfeccionamento, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula cuarta.

h) Acreditar o título de Enxeñeiro Técnico Agrícola/ Forestal Nivel 2 Mecas

QUINTA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un prazo de 45 minutos a catro preguntas curtas sobre o temario que acompaña a estas bases como anexo II.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos.

Corresponderá ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima e os criterios de valoración da proba.

Valoraranse os coñecementos, a formación xeral, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, a precisión e rigor na exposición, a calidade ortográfica e da expresión escrita, e a comprensión da materia.

A cualificación será a media aritmética de puntuación outorgada por cada membro do tribunal, conforme aos seguintes criterios de valoraciónseguintes:

- Demostra que coñece o temario das bases e as funcións e cometidos do po traballo.
- Usa a terminoloxía correcta.
- Razoa a solución dunha maneira coherente.
- Ten claridade expositiva e de ideas e corrección ortográfica.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte ós seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-5	0-2	0-1,5	0-1,5

Os apartados b) c) e d), non se valorarán no caso de que no apartado a) o candidato non ten unha puntuación mínima de 2.0 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO COMÚN E OBRIGATORIO PARA TÓDOLOS CANDIDATOS QUE NON ACREDITEN O COÑECEMENTO DO GALEGO NO NIVEL CELGA 3 OU EQUIVALENTE:

Común e obrigatorio para aquelas candidatos/as a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos/as que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

SEXTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1 ANUNCIO DA CONVOCATORIA: As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectrónica.gal.

6.2 SOLICITUDES: As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do

Concello, ou na sede electrónica (concellodocorgo.sedelectronica.gal) no prazo de quince **(15) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece regulamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 38/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal.

As solicitudes poderanse remitir, así mesmo, na forma indicada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a concello.ocorgo@eidolocal.es. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Na solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria **e aportarán, xunto coa instancia**, a documentación seguinte, orixinal ou copia compulsada:

- a) DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Ás ou aos familiares dos anteriores, visado, e de ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Carnet de conducir tipo B.
- c) Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso de persoal laboral.

No caso de ser nacional doutro estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- d) Estar en posesión de título de enxeñeiro técnico agrícola/ forestal nivel 2 meces
- e) Estar desempleado ou estar en situación de mellora de emprego
- f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4 (ou o curso de perfeccionamento, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

6.3 ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** (www.concellodocorgo.com), admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de dous (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contado a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes con catro cifras numéricas aleatorias do DNI, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos 2 días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

- g) Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda das presentes bases.

h) Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interpor. Tamen se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

i) Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SÉTIMA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o tribunal terá a seguinte composición:

·Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, mesma resolución na que se aproba a lista de definitiva de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello (www.concellodocorgo.com) e sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal, (taboleiro de anuncios).

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores/as, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores/as ou colaboradores/as, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

7.2.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei

7.3 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dicte a correspondente resolución de nomeamento de funcionario interino. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego integrada polos candidatos que non alcancen a puntuación para seren nomeados funcionarios interinos.

Esta proposta vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

OITAVA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.

Os/as candidatos/as propostos/as deberán achegar no prazo de 3 días hábiles, a contar a partir do día da publicación no tablón de edictos da sede electrónica a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeirociudadano dun Estado membro da UE.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

5) Estar en posesión de título enxeñeiro técnico agrícola/ forestal nivel 2 meces

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser nomeados funcionarios interinos e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

NOVENA. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesado/a, o alcalde o nomeará como funcionario/a interino/aa xornada completa, conforme a lexislación vixente e ao amparo da subvención concedida pola Deputación Provincial con cargo ó plan único de cooperación para o ano 2023.

DÉCIMA.- RELACION DE APROBADOS

O resultado final da oposición virá determinado do seguinte xeito: Apuntuación final do proceso selectivo virá determinado pola suma dos puntos obtidos no primeiro e segundo exercicio. Para supera o proceso deberá obter un mínimo de 5 puntos.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no segundo exercicio, e de persistir o empate, decidirse ao chou.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das notas obtidas polos aspirantes, que obtiverán a puntuación mínima esixida, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá a contratación do candidato que obtivera a maior puntuación. Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes aos das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

Esta lista estará vixente mentres dura este programa de emprego. **PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023.**

UNDÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I.- Modelo de instancia:

Dna./D.....,
 con DNI ou documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación
 en..... ,
 nº de teléfono.....,
 Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello do Corgo para _____
 (indicar o posto ao que se opta),

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao se a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de extranxeiro
- Permiso de conducir en vigor tipo B.
- Outra documentación: fotocopia do título CELGA 4 ou curso de perfeccionamento.
- Acreditación de estar desempregado ou de mellora de emprego
- Estar en posesión de título enxeñeiro técnico agrícola/ forestal nivel 2 meces

O Corgo, _____ de _____ de 2024.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Nota: No suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalguna medida especial –que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que adxuntará a solicitud, debendo necesariamente aportar certificado do grado e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.)

ANEXO II**TEMARIO ESPECÍFICO PARA O POSTO DE ENXEÑEIRO TÉCNICO.**

- 1.- Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención de incendios forestais.
- 2.- Obxecto e conceptos xerais e punto de organización: competencias da administración local e competencias das CCAA.
- 3.- Planeamento do espazo rural fronte aos incendios forestais: planeamento municipal de prevención de incendios forestais.
 - Actuacións preventivas; infraestruturas preventivas, defensa de persoas e bens, de silvicultura preventiva.
 - Ordenación preventiva do terreo forestal
 - Reorganización do terreo forestal
 - Condicións de acceso á circulación e permanencia en zonas forestais
 - Uso do lume
- 4.- O Contrato de obra pública.
 - Concepto
 - Expediente de contratación: iniciación, contido e aprobación.
 - Expediente en contratos menores
 - Pregos de Cláusulas Administrativas.
- 5.- Actuacións preparatorias do contrato de obra:
 - O proxecto de obras
 - Clasificación de obras
 - Contido dos proxectos
 - Supervisión dos proxectos
 - O replanteo dos proxectos
- 6.- A execución dos contratos de obras
 - O replanteo
 - A comprobación do replanteo
 - Forza maior
- 7.- Certificados abonos a cuenta
- 8.- Obras a tanto alzado e obras a contrato pechado.
- 9.- Modificación contrato de obra. Supostos. Cumprimento de contrato de obras
- 10.- A comunicación previa como título habilitante urbanístico e a actividade económica.
- 11.- Conservación e tutela de bens municipais:
 - a) o inventario e rexistro de bens
 - b) prerrogativas das entidades locais respecto dos seus bens.
- 12.- Gis:
 - Formatos de datos espazos e tipos de arquivos máis frecuentes.
 - Formato raster e formato vectorial

Textos para preparar este exame:

- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención de incendios forestais.
- Lei 9/2017, de 9 de abril, de Contratos do Sector Público.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento do solo de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades Locais.
- Lei 7/85 de 2 de abril de bases de Réxime Local

O Corgo, 6 de febreiro de 2024.- O Alcalde, FELIPE LABRADA REIJA.

R. 0631

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación de la Conta xeral do exercicio 2022

Número de expediente: 124/2024

Asunto: Ditame inicial da Conta xeral do exercicio 2022

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada en data do 7 de marzo do 2024, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2022 por prazo de oito (8) días, debido á tramitación de urxencia conferida no expediente aos trámites de razón, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

A documentación indicada encontrárase publicada no portal de transparencia da Corporación municipal.

A Fonsagrada, 7 de de marzo de 2024.- O alcalde da Corporación, Carlos López López.

R.0664

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 29 de febreiro de 2024, a modificación do regulamento de organización e funcionamento da escola infantil municipal do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 1 de marzo de 2024.- O alcalde, Eleoy Pérez Sindín.

R. 0623

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Con data 01 de Marzo de 2024 o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro ditou o seguinte Decreto que se transcribe a continuación:

Expediente Número: 85/2024

ASUNTO: LÍMITE MÁXIMO DE TONELAXE EN VÍAS URBANAS

Don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde- Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Tendo en conta a necesidade de limitar o peso máximo autorizado nas vías urbanas, dada a problemática que existe dentro do núcleo ao ser estreitas e a ao supoñer un deterioro nas mesmas.

Vistas as atribucións conferidas polo R.D. Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de tráfico, circulación a motor e seguridade vial.

RESOLVO

Primeiro.- Prohibir a circulación de vehículos de transporte co peso máximo autorizado superior a 15 toneladas pola vías urbanas.

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 1 de marzo de 2024, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 1 de marzo de 2024.- O Alcalde, Lino Rodriguez Ónega.

R. 0625

RÁBADE*Anuncio*

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2023, no que se aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro das Ordenanzas.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.**NATUREZA FUNDAMENTO****ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE**ARTIGO 2**

Constitúe un feito imponible da Taxa á prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

SUXEITO PASIVO**ARTIGO 3**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES**ARTIGO 4**

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello ou no seu caso por xestión indirecta, mediante concesión administrativa.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente, podendo prorratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de Padrón ou matrícula.

A cobranza efectuarase mediante recibos bimestrais

OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa abonarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

ARTIGO 7

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

NORMAS PARA O SUBMINISTRO

ARTIGO 8

Elaborarase un Regulamento que terá por obxecto establecer as normas respecto ó servizo de subministro de auga potable.

CONTÍA

ARTIGO 9

A contía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte:

TARIFA:

A) ABOADOS DOMÉSTICOS

- Cota de servizo (fixa mensual)		2,12 /abon. mes
- Consumo		
1º bloque	menos de 14 m ³ /ab.bim	0,26 €/m ³
2º bloque	14 a 30 m ³ /ab.bim	0,51 €/m ³
3º bloque	31 a 60 m ³ /ab.bim	0,69 €/m ³
4º bloque	máis de 60 m ³ /ab.bim	1,01 €/m ³

B) ABOADOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E OBRAS

- Cota de servizo (fixa mensual)		38,22 €/abon. mes
- Consumo		
1º bloque	0 a 30 m ³ /ab.bim	0,68 €/m ³
2º bloque	31 a 60 m ³ /ab.bim	0,90 €/m ³
3º bloque	máis de 60 m ³ /ab.bim	1,13 €/m ³

C) DEREITOS DE ENTRONQUE.

A efectos da presente ordenanza enténdese por dereitos de entronque a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento, que será requirida por unha sola vez. Pola

contra, enténdese por alta, cada unha das sucesivas altas e cambios de titularidade que no seu caso se produzan ao longo da vida do servizo.

USO DOMÉSTICO. 101,93 €

USO INDUSTRIAL. 254,79 €

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 10

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na Taxa.

DEVENGO

ARTIGO 11

Abonarase a Taxa e nace a obriga de contribuír desde que teña lugar a prestación do servizo mediante xiros bimestrais.

ENTRADA EN VIGOR

ARTIGO 12

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de novembro de 2023, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais Municipais.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais.
- c) A prestación do Servizo de Depuración de Augas Residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

1. A Cota tributaria correspondente a concesión da licenza o autorización da acometida a rede de saneamento esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de:

DOMESTICO:	101,93 €
INDUSTRIAL:	254,79 €

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicarse a seguinte Tarifa:

TARIFA

SERVICIO DE SANEAMENTO

Abonados domésticos

- Cota de servizo (fixa mensual)		2,55 €/abon. mes
- Consumo en abastecemento		
1º bloque	menos de 14 m ³ /ab.bim	0,26 €/m ³
2º bloque	15 a 30 m ³ /ab.bim	0,51 €/m ³
3º bloque	31 a 60 m ³ /ab.bim	0,69 €/m ³
4º bloque	máis de 60 m ³ /ab.bim	1,01 €/m ³

Abonados comerciais, industriais e obras

- Cota de servizo (fixa mensual)		4,24 €/abon. mes
- Consumo en abastecemento		
1º bloque	de 0 a 30 m ³ /ab.bim	0,69 €/m ³
2º bloque	31 a 60 m ³ /ab.bim	0,85 €/m ³
3º bloque	máis de 60 m ³ /ab.bim	1,27 €/m ³

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 6:

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

DEVENGO

Artigo 7:

1. Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma:

A) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, si o suxeito pasivo o formulase expresamente.

B) Desde que teña lugar efectiva a acometida a rede de saneamento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se houberse obtido o non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista

saneamento, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuara a acometida a rede.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

Artigo 8:

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán ás declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partires da primeira declaración que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenciade a acometida a rede.

2. As cuotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga. Mediante recibos bimestrais.

3. No suposto de licenza de acometida o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios de este Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de novembro de 2023, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Rábade, 1 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0626

SARRIA

Anuncio

DECRETO DO SR. ALCALDE

DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Con data 3 de xullo de 2023, mediante Decreto n.º 2023-0937, esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local a tramitación de expedientes sancionadores por infraccións da Lei 2/2016 que sexan competencia municipal.

En virtude do disposto no artigo 9.6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, e 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Revogar a competencia asumida pola Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no Decreto desta Alcaldía de delegación de competencias de data 3 de xullo de 2023, para a tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións da Lei 2/2016 que sexan competencia municipal.

SEGUNDO. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sin prexuízo de que surta efectos desde o mesmo día da súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

TERCEIRO. Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, a efectos de que quede enterada do seu contido.

Sarria, 1 de marzo de 2024.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0627

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DO 1 DE MARZO DE 2024, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONES, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIONES AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, NA ANUALIDADE 2024

BDNS (Identif.): 746796

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/746796>)

BDNS (Identif.): SUBV/CONC-MRM 1/24

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarios Poderán ser beneficiarias destas subvencions as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencions en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

Atendendo á finalidade da concesión das subvencions, será requisito para obter a condición de beneficiarias das subvencions que as ANPAS pertencan a centros educativos de municipios rurais, considerándose como tales os municipios de ata 20.000 habitantes. Porén, no suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito existente para a execución do Programa, poderán obter a condición de beneficiarias das subvencions as ANPAS que pertencan a centros educativos de municipios cuxa poboación supere os 20.000 habitantes.

Segundo.- Obxecto

As presentes Bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencions, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de axudas dirixidas ás ANPAS da provincia de Lugo, para apoiar a organización de visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencions, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros escolares de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2024, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actividades, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2024, é de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes

que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 900 € por visita ou obradoiro.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o 5% deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2024, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 1 de marzo de 2024.- O presidente, P.D. Decreto do 06/07/2023, o deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Daniel García Fernández.

R. 0629

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/41036

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ganadería Zarralleiro S.C.

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,1736 l/s

Punto de emplazamiento: Guldriz de Arriba, parroquia de Guldriz (Santiago)

Término Municipal y Provincia: Friol (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un pozo de aros de 1,2 m de diámetro en el que se coloca una tubería por la que discurren las aguas hasta la explotación a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Friol, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 28 de febrero de 2024.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0628